

I.3. AGREGADOS DA DEMANDA

Dende o punto de vista da demanda, o crecemento do 3,3% experimentado pola economía galega no ano 2005 ven explicado pola expansión da demanda interna, que se segue comportando como o motor de crecemento.

A contribución da demanda interna ao crecemento agregado aumentou case un punto, acadando en 2005 os 4,8 puntos porcentuais. O cadro macroeconómico reflicte que todos os compoñentes da demanda experimentaron unha medra en 2005, sendo o incremento máis importante o do investimento -Formación Bruta de Capital-, que medrou un 5,7% respecto ao ano anterior, punto e medio máis que en 2004. O gasto en consumo o fixo nun 3,3%, catro décimas máis que no ano precedente, sendo o compoñente que máis aumenta o do gasto das Administracións Públicas, co 3,9%.

A contribución da demanda externa ao crecemento do PIB segue sendo negativa en 2005, incrementándose a mesma nun punto porcentual: -0,5 puntos en 2004 e -1,5 no ano 2005. Esta medra veu motivada polo menor dinamismo tanto das exportacións coma das importacións galegas. En 2005 as importacións medraron un 4,7% e as exportacións, un 3,6%.

DEMANDA INTERNA

O incremento da contribución da demanda interna ao crecemento económico galego debeuse tanto á medra do gasto en consumo final como á do investimento. Como reflicte o **cadro 1.3.1.**, o gasto en consumo final medrou ao longo do ano 2005 un 3,3%, catro décimas máis que no ano anterior, sendo este incremento do 3,1% no caso do gasto dos fogares, e do 3,9% no das Administracións públicas. O investimento presentou ao longo de todo o ano unhas taxas de crecemento superiores ás do gasto en consumo final, acadando un crecemento medio do 5,7%.

• Consumo

Como primeira aproximación ao **consumo final das familias** cómpre salientar que en Galicia, ao igual que o acontecido no conxunto do Estado, prodúcese unha aceleración do incremento do gasto medio por persoa. No último ano, este medrou un 7,8% en Galicia, máis de cinco puntos porcentuais por riba que no ano anterior, e cinco décimas menos que en España.

A renda familiar bruta dispoñible (RFBD) presenta en Galicia, no ano 2005, unha medra do 5,6%, medio punto porcentual por baixo do experimentado no ano precedente. Por contra, coma reflicte o **cadro 1.3.2.**, no conxunto do Estado prodúcese unha aceleración no crecemento da RFBD, acadando unha taxa do 7,3% fronte ao 6,2% do ano anterior.

Segundo o índice de vendas do comercio polo miúdo, as vendas experimentaron, tanto en Galicia como en España, unha ralentización no seu crecemento. En Galicia, en 2005, medraron un 0,3%, oito décimas menos que en 2004, en tanto que no conxunto do Estado, a taxa de crecemento foi do 0,8%, case dous puntos menos que a rexistrada no ano anterior.

A matriculación de vehículos, indicador clave da evolución do gasto en consumo dos fogares,

PIB trimestral 2004-05: taxas de variación interanuais dos principais agregados da demanda

	2004	2005	2004				2005			
			Trim. I	Trim. II	Trim. III	Trim. IV	Trim. I	Trim. II	Trim. III	Trim. IV
			(%)							
Gasto en consumo final	2,9	3,3	2,8	2,9	3,2	2,8	3,0	3,4	3,1	3,7
gasto dos fogares	2,8	3,1	2,8	2,9	2,9	2,6	3,0	3,3	2,9	3,3
gasto das AA.PP.	3,5	3,9	3,1	3,2	4,2	3,4	3,3	3,7	3,6	4,9
Formación bruta de capital	4,2	5,7	3,1	4,2	5,9	3,7	5,4	7,8	5,3	4,4
Demanda interna (1)	3,9	4,8	3,2	3,7	4,5	3,5	4,2	5,3	4,2	4,3
Exportacións de bens e servizos	6,9	3,6	6,2	6,9	8,6	5,9	3,2	3,1	3,2	5,3
Importacións de bens e servizos	6,1	4,8	6,9	6,7	6,8	4,4	4,5	4,2	4,1	6,4
PIB a prezos de mercado	3,4	3,3	3,1	3,0	4,0	3,5	2,8	3,4	3,4	3,5

(1) Achega ao crecemento do PIB pm (prezos constantes)
 Fonte: IGE, Contabilidade trimestral

1.3.1.
Principais indicadores do consumo e do investimento en Galicia e España 2004-2005

	Galicia		España	
	2004	2005	2004	2005
	(taxas de variación interanuais)			
Consumo				
Renda familiar bruta dispoñible	6,1	5,6	6,2	7,3
Gasto medio por persoa	2,5	7,8	3,7	8,3
Índice de vendas do comercio polo miúdo	1,1	0,3	2,6	0,8
Produción de bens de consumo	-0,1	5,7	0,0	0,2
Produción de bens de consumo duradeiro	8,7	6,9	0,1	-1,0
Produción de bens de consumo non duradeiro	-0,8	5,6	0,0	0,3
Importación de bens de consumo	6,8	9,2	6,9	10,8
Matriculación turismos e motocicletas	10,7	5,8	13,2	6,8
Ocupación hoteleira	20,5	-3,9	6,9	5,7
Gasto de Administracións Públicas	3,5	3,9	6,0	4,5
	(saldo medio das respostas)			
Expectativas do consumidor				
Indicador de confianza do consumidor (1)	-18,4	-19,8		
Indicador de sentimento (1)	-26,7	-28,0		
Capacidade futura de aforro (1)	-34,3	-36,1		
Oportunidades de facer grandes compras (1)	-58,8	-58,3		
Posibilidade actual de aforro (1)	-45,8	-44,1		
Perspectivas de evolución da situación económica	-18,3	-17,9		
Investimento				
	(taxas de variación interanuais)			
Formación bruta de capital	4,2	5,7	4,9	7,2
Produción de bens de equipo	-0,5	-2,5	1,9	-0,7
Matriculacións de vehículos de carga (2)	6,5	6,9	11,7	13,3
Importacións de bens de equipo	1,9	43,3	14,9	7,1
Licitación pública				
Licitación pública de todas Administracións	18,0	-12,7	18,0	24,1
Licitación pública da Admon. Central	-6,6	-42,4	-6,6	11,2
Licitación pública Admons. Autonómicas	18,6	27,7	18,6	14,7
Licitación pública de Admon. Local	59,9	47,4	59,9	47,2
Consumo de cemento	-2,0	-3,3	3,9	7,3

(1) Presentan valores que oscilan entre -100 e +100, sendo os resultados máis optimistas tanto para o momento actual como para o futuro os que máis se acercan ao punto máximo

(2) Considéranse as matriculacións de camiións, furgonetas, autobuses e tractores industriais

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, INE, Seopan, ICEX, Funcas e Oficemen

1.3.2.

amosa tamén unha ralentización respecto ao crecemento do ano 2004. O número de turismos e motocicletas matriculados en Galicia en 2005 medrou un 5,8% respecto ao ano anterior (10,7% en 2004), sendo esta medra do 6,8% no conxunto do Estado (13,2% no ano precedente).

Fronte á devandita ralentización, no ano 2005 prodúcese en Galicia unha medra da produción de bens de consumo, que experimentou unha taxa de variación media anual do 5,7% (no ano anterior, descendera un 0,1%). Este crecemento ven motivado tanto pola medra da produción de bens de consumo duradeiro, un 6,9% respecto ao ano anterior, (8,7% en 2004), coma polo incremento da produción de bens de consumo non duradeiro, que creceu nun 5,6% en relación ao ano 2004, cando caíra un 0,8% respecto ao ano anterior. No conxunto do Estado, a produción total e a de bens de consumo non duradeiro medraron lixeiramente respecto ao 2004, rexistrándose unha caída do 1,0% no caso da produción de bens de consumo duradeiro.

Asemade, cómpre salientar o pesimismo reflectido polos consumidores atendendo aos valores negativos das **expectativas do consumidor** galego (fonte: IGE). O indicador de confianza do consumidor (calculado a partir da información recollida sobre a situación económica futura do fogar e da C.A., capacidade futura de aforro e a evolución do número de parados) deteriorouse lixeiramente ao longo do ano 2005, ao acadar un rexistro negativo de 19,8 puntos fronte aos 18,4 puntos negativos de 2004. O devandito **cadro 1.3.2.** amosa que mentres que os indicadores de sentimento do consumidor (indicador resume calculado a partir da información sobre as oportunidades de facer grandes compras e sobre a situación financeira persoal e de Galicia) e de capacidade futura de aforro presentan unha tendencia semellante ao indicador de confianza do consumidor, o relativo á posibilidade actual de aforro, a pesar do seu valor negativo, mellora lixeiramente.

A evolución dos tipos de xuro tamén tivo o seu impacto neste apartado. O **cadro 1.3.3.** reflicte un novo descenso dos tipos de xuro dos créditos ao consumo no caso das caixas de aforro (0,13 puntos menos). Por contra, entre os meses de decembro de 2004 e 2005, os tipos de xuro referentes a créditos para o consumo medraron lixeiramente no caso dos bancos, acadando no último ano o 8,75% (8,68% en 2004).

O último indicador do consumo recollido no devandito **cadro 1.3.2.** é o que fai referencia ao gasto en **consumo final das Administracións públicas**. Este presentou unha lixeira aceleración respecto ao incremento do ano anterior, acadando unha medra do 3,9%. Por contra, no conxunto do Estado a medra foi do 4,5%, punto e medio inferior ao crecemento de 2004.

• **Investimento**

A **formación bruta de capital** experimentou no ano 2005 unha taxa de crecemento medio do 5,7%, punto e medio por riba do rexistrado no ano anterior. Tal como reflicte o **cadro 1.3.1.**, este indicador acadou unha taxa de crecemento de case un 8% no segundo trimestre do ano, acadando a medra máis baixa no derradeiro trimestre do ano, cun 4,4%.

Polo que respecta ao **investimento en bens de equipo**, reflectido nos datos de produción industrial, o devandito **cadro 1.3.2.** indica unha caída do mesmo en Galicia no ano 2005. Trala caída do 0,5% rexistrada en 2004, a taxa de crecemento media anual da produción de bens de equipo volveu a ser negativa no último ano, acadando un valor de -2,5%. Fronte a este descenso, as matriculacións de vehículos de carga e, especialmente, as importacións de bens de equipamento, reflicten unha aceleración no seu incremento.

A licitación oficial pública de tódalas administracións segundo data de anuncio rexistrou en Galicia, a diferenza do acontecido tanto en España coma no ano anterior, unha caída do 12,7% respecto á lici-

Tipos de xuros referentes a créditos para o consumo 2000-2005

		Bancos	Caixas de aforros
2000		9,59	9,05
2001		9,47	8,93
2002	(1)	9,22	8,57
2003		9,25	8,29
2004		8,68	8,04
2005			
	Xaneiro	8,73	7,94
	Febreiro	8,78	7,94
	Marzo	8,78	7,94
	Abril	8,72	7,94
	Maio	8,72	7,92
	Xuño	8,74	7,92
	Xullo	8,74	7,92
	Agosto	8,74	7,92
	Setembro	8,74	7,90
	Outubro	8,74	7,90
	Novembro	8,74	7,90
	Decembro	8,75	7,91

(1) dato correspondente ao mes de decembro
Fonte: Banco de España

1.3.3.

Tipo medio dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos 2000-05

		Bancos	Caixas de aforros	Conxunto entidades
2000		5,708	5,822	5,764
2001		5,597	5,926	5,760
2002	(1)	4,687	4,896	4,795
2003		3,627	3,791	3,713
2004		3,265	3,435	3,356
2005				
	Xaneiro	3,236	3,422	3,334
	Febreiro	3,234	3,416	3,332
	Marzo	3,265	3,411	3,343
	Abril	3,215	3,419	3,325
	Maio	3,203	3,417	3,318
	Xuño	3,164	3,365	3,270
	Xullo	3,064	3,312	3,196
	Agosto	3,072	3,293	3,190
	Setembro	3,087	3,292	3,197
	Outubro	3,125	3,313	3,225
	Novembro	3,173	3,342	3,264
	Decembro	3,330	3,471	3,404

(1) dato correspondente ao mes de decembro
Fonte: Banco de España

1.3.4.

Importacións e exportacións de Galicia 2004-05: distribución segundo áreas xeográficas

	Importacións		Exportacións		Saldo comercial		Taxa de cobertura	
	2004	2005	2004	2005	2004	2005	2004	2005
	(en millóns de €)						(%)	
Total (1)	32.654,4	35.050,3	27.268,3	29.048,8	-5.386,1	-6.001,4	83,5	82,9
Resto de CC.AA. (2)	21.644,8	21.458,5	16.745,0	16.947,5	-4.899,8	-4.511,1	77,4	79,0
UE e terceiros países	11.009,5	13.591,7	10.523,3	12.101,3	-486,3	-1.490,4	95,6	89,0
OCDE	8.198,6	8.799,4	9.208,8	9.716,7	1.010,2	917,2	112,3	110,4
UE-25 agás España	6.557,6	7.048,9	8.480,5	8.784,6	1.922,9	1.735,7	129,3	124,6
América Latina	1.048,7	1.382,5	356,3	542,7	-692,4	-839,8	34,0	39,3
OPEP	533,6	686,2	210,8	468,6	-322,7	-217,6	39,5	68,3
Mercosur	413,4	403,1	91,9	74,0	-321,5	-329,1	22,2	18,4

(1) Valor total de exportacións e importacións recollidos no cadro macroeconómico de Galicia

(2) Calculado como a diferenza entre o valor total de exportacións e importacións e o valor do comercio galego coa UE e terceiros países

Fonte: IGE

1.3.5.

tación de 2004. Se se teñen en conta a desagregación da licitación en Galicia segundo as diferentes administracións, cómpre salientar que a licitación pública da Administración Central descendeu nun 42,4% (no conxunto do Estado esta medra un 11,2%) mentres que a licitación da administración local e autonómica presentan unha medra do 47,4% e 27,7%, respectivamente.

Canto ao **investimento empresarial**, no terceiro trimestre de 2005 segue a medrar máis o segmento de activo circulante que o do fixo. En relación ao mesmo período do ano anterior, o activo circulante medrou un 17,1% e o activo fixo un 3,5%, polo que a relación entre o activo fixo e circulante desce lixeiramente, acadando un valor de 1,58 puntos (1,79 no mesmo trimestre do ano anterior). Asemade, hai que destacar o incremento da relación entre os recursos alleos e propios, de tal xeito que no terceiro trimestre de 2005 este cociente acada un total de 2,09 fronte ao 1,77 no mesmo trimestre do ano anterior.

SECTOR EXTERIOR

A achega negativa da demanda externa ao crecemento agregado do PIB medrou ao longo do ano 2005, acadando os -1,5 puntos porcentuais, fronte aos 0,5 puntos do ano anterior. Este incremento nun punto porcentual da achega negativa do sector exterior veu motivada pola ralentización do crecemento das exportacións e importacións galegas.

En termos absolutos, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte que as exportacións galegas, tanto ao conxunto do Estado como a terceiros países, acadaron un valor de 29.048,8 millóns de euros (prezos correntes), e que as importacións ascenderon a 35.050,3 millóns de euros. Polo tanto, o grado de apertura da economía galega foi de 134,0% (134,7% no ano anterior) e a taxa de cobertura acadou o 82,9% fronte ao 83,5% de 2004 (**cadro 1.3.5.**).

O resto das comunidades autónomas españolas constitúen o principal mercado dos nosos produtos, ao acoller o 61,2% das importacións e o 58,3% das exportacións galegas. O déficit comercial das relacións co resto das CC.AA. ascendeu a 4.511,1 millóns de euros e a taxa de cobertura foi de 79,0% (77,4% no ano anterior).

No que ao comercio exterior con terceiros países se refire, cómpre salientar a forte concentración e especialización das relacións comerciais. Dunha banda, case as tres cuartas partes das vendas galegas a terceiros países diríxense á Unión Europea e máis da metade das compras proveñen desta zona xeográfica. Doutra, un só capítulo arancelario, o 87, representa o 21,0% da importacións e o 33,8% das exportacións á UE e o resto do mundo (os dez primeiros capítulos de importación e exportación supoñen o 78% do valor total das mesmas).

• Comercio exterior con terceiros países

Ao longo do ano 2005 a actividade comercial (suma de exportacións e importacións) en Galicia rexistrou un forte crecemento ao medrar un 19,3% respecto ao ano anterior, case trece puntos máis que o experimentado no ano anterior, sendo este incremento do 8,3% no conxunto do Estado (9,9% en 2004). Esta evolución prodúcese fundamentalmente polo incremento do 23,4% rexistrado no caso do valor total das importacións galegas (máis de doce puntos porcentuais por riba da media española) e do 14,9% no das exportacións (case dez puntos porcentuais e medio máis que en España).

Esta evolución fixo que no último ano aumentara dun xeito significativo o **déficit** da balanza comercial galega, que se sitúa en -1.520,1 millóns de euros (fonte ICEX), cando en 2004 presentaba un saldo negativo de 507,6 millóns de euros.

A provincia de Pontevedra, a pesar de ser a que presenta a maior actividade comercial, experimenta unha caída da mesma do 1,1%, sendo a única provincia galega que rexistra un retroceso da mesma. Pola contra, cómpre salientar o incremento da actividade comercial en A Coruña, cunha medra do 55,5% respecto ao ano anterior. Estas dúas provincias acollen o 48,7% e o 45,4% da actividade comercial, respectivamente, cando no ano anterior, estas porcentaxes eran do 58,7% e 34,8%.

• Importacións

O valor total das compras galegas ascendeu no último ano a 13.586,7 millóns de euros, o que representa o 5,9% das importacións españolas (5,3% no ano anterior). Comparado co ano anterior, as importacións medraron en Galicia un 23,4%, dezaseis puntos porcentuais por riba do rexistrado no ano anterior.

A provincia de A Coruña, tras unha medra do 48,8%, sitúase coma a provincia co maior volume de importacións, por diante de Pontevedra. Do **cadro 1.3.6.** despréndese que A Coruña acolle o 49,6% do valor total das importacións galegas, seguida de Pontevedra, co 45,3%. Comparado co ano anterior, cómpre salientar que o volume de importacións tan só descende na provincia de Ourense, un 3,6% menos que en 2004, incrementándose un 10,4% en Lugo e un 5,8% en Pontevedra.

No que atinxe á **análise sectorial** das importacións, o **cadro 1.3.7.** indica que ao longo do último ano, e ao igual que no ano anterior, rexistráronse incrementos nos cinco grandes sectores considerados –enerxético, sector primario, semimanufacturas, bens de equipamento e bens de consumo–. O maior incremento interanual foi o de bens de equipamento, cun 43,3%, e dentro deste, salienta o subsector dos materiais de transporte, cunha medra do 52,9% respecto ao importe de 2004. Séguelle en importancia o sector enerxético, cun incremento do 30,3%.

En termos do peso relativo no valor das importacións galegas, dada a importancia do sector da automoción e o elevado incremento do capítulo de navegación marítima ou fluvial, cómpre destacar o sector de bens de equipamento, que representa o 36,7% das importacións galegas (case un terzo do valor das importacións corresponden ao subsector dos materiais de transporte). Asemade, hai que mencionar ao sector primario, que acolle o 19,8% das importacións, e dentro deste, ao subsector de produtos agrícolas, co 14,8% do valor total das compras galegas.

Canto ao peso relativo no valor total das importacións españolas, o devandito cadro reflicte a importancia do subsector téxtil e dos materiais de transporte, que representan o 12,7% e o 10,3% das importacións españolas destes sectores. Séguenlle en importancia o subsector de produtos agrícolas, que supoñen o 9,1% das compras españolas.

Importacións e exportacións de Galicia e España á UE e resto do mundo 2004-05

	Importacións			Exportacións			Saldo comercial		
	2004	2005	05/04	2004	2005	05/04	2004	2005	05/04
	(en millóns de €)			(en millóns de €)			(en millóns de €)		
A Coruña	4.532,9	6.745,3	48,8	2.953,5	4.895,8	65,8	-1.579,4	-1.849,5	-270,1
Lugo	399,1	440,4	10,4	303,9	357,8	17,7	-95,1	-82,6	12,6
Ourense	256,8	247,4	-3,6	428,4	472,2	10,2	171,7	224,8	53,1
Pontevedra	5.817,6	6.153,7	5,8	6.812,9	6.340,9	-6,9	995,3	187,2	-808,0
Galicia	11.006,3	13.586,7	23,4	10.498,7	12.066,7	14,9	-507,6	-1.520,1	-1.012,4
España	208.410,7	231.371,6	11,0	146.924,7	153.559,0	4,5	-61.486,0	-77.812,6	-16.326,6
G/E	5,3	5,9		7,1	7,9		0,8	2,0	

Fonte: ICEX

1.3.6.**Exportacións e importacións galegas 2005: distribución sectorial**

	Exportacións				Importacións			
	Importe	05/04	peso relativo	G/E	Importe	05/04	peso relativo	G/E
	(en millóns de €)		(%)		(en millóns de €)		(%)	
Enerxéticos	477,5	110,4	4,0	7,2	1.993,4	30,3	14,7	6,2
Non enerxéticos	11.589,0	12,8	96,0	7,9	11.593,3	22,3	85,3	5,8
Sector primario	2.165,2	6,3	17,9	7,9	2.692,0	8,6	19,8	8,6
Produtos agrícolas	1.568,7	2,0	13,0	7,0	2.004,4	7,7	14,8	9,1
Materias primas	596,5	19,6	4,9	11,4	687,6	11,6	5,1	7,3
Semimanufacturas	1.370,9	17,5	11,4	3,5	2.172,2	12,8	16,0	4,2
Industria química	542,7	26,6	4,5	2,5	921,1	4,0	6,8	2,9
Metais	481,6	15,9	4,0	3,8	1.159,6	20,7	8,5	6,6
Outras semimanufacturas	346,6	7,3	2,9	8,1	91,5	16,4	0,7	4,0
Manufacturas	8.053,0	13,9	66,7	10,0	6.729,1	32,6	49,5	5,8
Bens de equipamento	5.963,7	13,1	49,4	9,6	4.989,7	43,3	36,7	5,7
Maquinaria	615,3	64,1	5,1	2,7	622,9	-0,4	4,6	1,4
Materiais de transporte	5.348,4	9,2	44,3	13,7	4.366,9	52,9	32,1	10,3
Bens de consumo	2.089,2	16,2	17,3	11,5	1.739,4	9,2	12,8	6,1
Peletería	65,4	6,8	0,5	6,8	53,1	4,7	0,4	3,6
Téxtiles	1.624,0	16,0	13,5	24,3	1.399,4	19,5	10,3	12,7
Outros bens de consumo	399,8	19,0	3,3	3,8	286,9	-22,7	2,1	1,8
Total	12.066,5	14,9	100	7,9	13.586,7	23,4	100	5,9

Fonte: ICEX

1.3.7.

Descendendo un pouco máis na análise sectorial, o **cadro 1.3.8.** indica os principais capítulos importadores, así como os datos correspondentes á Unión Europea e aos dous países máis importantes en termos do valor total das importacións (Francia e Portugal). O capítulo 87 (automóbil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios) segue a ser o principal capítulo importador e, tras unha medra do 1,0% respecto ao ano anterior, supón o 21,0% das importacións galegas. Séguenlle en importancia os capítulos correspondentes a combustibles minerais e aceites minerais, os seus destilados; materias bituminosas, ceras minerais (capítulo 27), co 14,7%, e a navegación marítima ou fluvial (89), co 10,9% do valor total das importacións. En conxunto, estes tres capítulos acollen case a metade das importacións galegas (46,6% das mesmas).

Importacións 2005: principais capítulos e importacións da Unión Europea, Francia e Portugal

Nº Cap.	Denominación	Importe	cap. / total	05/04	Unión Europea	Francia	Portugal
		(en millóns de €)	(%)		(en millóns de €)		
1 87	Automóbil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	2.853,4	21,0	1,0	2.832,0	1.982,9	334,9
2 27	Combustíbles minerais e aceites minerais; os seus destilados; materias bituminosas ceras miner.	1.993,4	14,7	30,3	280,3	26,5	27,4
3 89	Navegación marítima ou fluvial	1.483,9	10,9	4.884,4	22,2	4,7	12,0
4 3	Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	1.385,2	10,2	6,9	344,6	68,6	109,8
5 72	Fundición, ferro e aceiro	705,9	5,2	23,7	639,1	217,4	288,4
6 62	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	589,1	4,3	27,0	109,0	2,9	89,3
7 61	Prendas e complementos de vestir, de punto	487,7	3,6	14,2	201,7	3,3	169,7
8 84	Reactores nucleares, caldeiras, máquinas, aparatos mecánicos; partes.	402,1	3,0		327,6	40,9	30,0
9 30	Productos farmacéuticos	389,9	2,9	-1,9	326,3	34,0	0,8
10 44	Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	372,1	2,7	18,6	183,8	8,8	108,6
Total dos principais capítulos		10.662,6	78,5	29,9	5.266,5	2.389,8	1.170,9
Resto		2.924,1	21,5	4,6	1.777,9	249,8	448,7
Total		13.586,7	100	23,4	7.044,4	2.639,7	1.619,6

Fonte: ICEX

1.3.8.
Importacións e exportacións 2004-05: distribución xeográfica segundo orixe e destino

	Importacións			Exportacións		
	2004	2005	05/04	2004	2005	05/04
	(en millóns de €)		(%)	(en millóns de €)		(%)
Europa	7.486,5	8.109,3	8,3	9.004,0	9.404,6	4,4
Unión Europea	6.557,6	7.048,9	7,5	8.461,6	8.756,8	3,5
Europa Oriental	240,4	263,6	9,7	54,5	85,7	57,1
Países EFTA	457,1	539,4	18,0	245,6	297,7	21,2
Resto de Europa	231,4	257,5	11,3	242,2	264,5	9,2
África	1.059,0	1.746,7	64,9	441,8	621,4	40,6
América	1.646,9	2.531,8	53,7	563,1	1.261,4	124,0
América do Norte	499,9	589,2	17,9	186,2	326,2	75,2
América Central	418,6	708,1	69,2	158,1	341,9	116,2
América do Sur	675,5	740,1	9,6	201,0	179,7	- 10,6
Asia	52,4	130,4	148,8	10,8	99,5	818,2
Oceanía	-	-		-	-	
Outros	-	-		73,4	77,8	6,1
Total	11.006,4	13.586,8	23,4	10.498,7	12.066,7	14,9

Fonte: ICEX

1.3.9.

Da análise da **distribución xeográfica** das importacións galegas en 2005 destaca, como é habitual, unha maior concentración das mesmas na Unión Europea. Segundo os datos do ICEX, **cadro 1.3.9.**, máis da metade do valor total das importacións procede da UE (7.048,9 millóns de euros), en tanto que a segunda área xeográfica de procedencia das compras galegas é América do Sur, co 5,4% (740,1 millóns de euros), seguida de América do Norte, co 5,2% (708,1 millóns de euros). O principal subministrador de Galicia, por mor do papel da factoría Citroën en Vigo, é Francia, con 2.639,7 millóns de euros, seguido de Portugal, con 1.619,6 millóns.

Atendendo á desagregación por capítulos das importacións galegas dos países da **Unión Europea**, as importacións de produtos do capítulo 87 ascenden a 2.832,0 millóns de euros, o que representa o 40,2% das importacións procedentes desa área económica e un 99,2% do valor total das importacións galegas correspondentes ao devandito capítulo. O segundo capítulo importador corresponde ao capítulo 72 (fundición, ferro e aceiro), cun importe de 639,1 millóns de euros, representando o 9,1% do total das importacións galegas que veñen dos países da UE e o 90,5% do valor das importacións galegas correspondentes ao devandito capítulo.

Tanto no caso de Francia como de Portugal, ambos os dous capítulos son os máis importantes en termos absolutos. Con todo, mentres que en Francia estes dous capítulos representan o 83,4% das compras nese país (tres cuartas partes corresponden ao sector da automoción), en Portugal esta porcentaxe só é do 38,5%.

• **Exportacións**

O importe total das vendas galegas a terceiros países ascendeu no último ano a 12.066,7 millóns de euros, o que representa o 7,9% das exportacións españolas (oito décimas máis que en 2004). Comparado co ano anterior, as exportacións medraron en Galicia un 14,9%, nove puntos porcentuais e medio máis que no ano anterior.

Ao igual que acontece coas importacións, cómpre salientar o forte incremento do valor das exportacións na provincia de A Coruña, cun 65,8% máis que no ano anterior. A pesar desta medra e do descenso do mesmo en Pontevedra (6,9% menos que no ano precedente), esta provincia concentra o 52,5% das exportacións galegas, fronte ao 40,6% da provincia de A Coruña.

Da **análise sectorial** recollida no devandito **cadro 1.3.7.** despréndese que, ao igual que no caso das importacións, o valor total das exportacións dos cinco grandes sectores considerados presentan en 2005 un incremento respecto ao valor do ano anterior. Os sectores que experimentaron unha maior taxa de crecemento interanual foron os manufactureiros, onde os bens de consumo medraron un 16,2% respecto ao valor das exportacións de 2004, e os bens de equipamento o fixeron nun 13,1%.

En termos do peso relativo no valor das exportacións galegas, dada a importancia do sector da automoción, cómpre salientar o sector de bens de equipamento, que representa case a metade das exportacións galegas, (o 44,3% do valor das exportacións corresponden ao subsector dos materiais de transporte). Asemade, hai que mencionar ao sector primario, que acolle o 17,9% das exportacións (o subsector de produtos agrícolas acolle o 13,0% das vendas galegas), e o sector de bens de consumo, co 17,3% das exportacións (os téxtiles representan o 13,5% do valor total das exportacións galegas).

No concenrente ao peso relativo no valor total das exportacións españolas, o devandito cadro reflicte que Galicia representa o 24,3% das exportacións españolas do sector téxtil, fronte ao 13,7% do sector de materiais de transporte ou o 11,4% do subsector de materias primas.

Ao igual que no caso das importacións, o sector máis importante canto ao importe das mesmas é o capítulo 87, correspondente a “automóbil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios”, que concentra un terzo das exportacións galegas. Séguenlle en importancia os capítulos correspondentes a navegación marítima ou fluvial (89), co 10,5% do valor total das exportacións, e o capítulo 62, correspondente a “prendas e complementos de vestir, agás os de punto”, que representan o 7,6% das vendas.

Da análise da **distribución xeográfica** das exportacións galegas en 2004 destaca, como é habitual, unha maior concentración das mesmas na Unión Europea, que acolle un 72,6% do valor total das exportacións (8.742,3 millóns de euros). O principal destino da vendas de Galicia, por mor do papel da factoría Citroën en Vigo, é Francia, con 3.942,9 millóns de euros, seguido de Portugal, con 2.042,3 millóns de euros.

Exportacións 2005: principais capítulos e exportacións cara á Unión Europea, Francia e Portugal

Nº	Cap.	Denominación	Importe	cap. / total	05/04	Unión Europea	Francia	Portugal
			(en millóns de €)	(%)		(en millóns de €)		
1	87	Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	4.082,6	33,8	-11,3	3.548,3	3.159,6	129,6
2	89	Navegación marítima ou fluvial	1.262,9	10,5	331,5	36,4	6,2	7,0
3	62	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	916,1	7,6	13,8	722,1	140,6	189,0
4	3	Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	833,7	6,9	2,5	699,6	62,2	312,9
5	61	Prendas e complementos de vestir, de punto	538,6	4,5	15,3	417,3	67,8	119,2
6	27	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos da súa destilación; materias bituminosas; ceras minerais	477,5	4,0	110,3	211,2	9,3	131,4
7	85	Máquinas, aparatos e material eléctrico e as súas partes, aparatos de grabación e repr. e partes	425,4	3,5	107,7	244,1	44,3	78,5
8	68	Manufacturas de pedra, yeso, cemento, amianto, mica, etc.	314,5	2,6	5,3	281,4	111,1	31,1
9	16	Preparacións de carne, de peixe ou de crustáceos	303,8	2,5	2,5	267,6	70,6	47,1
10	44	Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	298,5	2,5	27,4	225,2	31,4	83,7
Total dos principais capítulos			9.453,6	78,3	14,7	6.653,2	3.703,1	1.129,3
Resto			2.613,1	21,7	15,8	2.089,2	239,8	913,1
Total			12.066,7	100	14,9	8.742,3	3.942,9	2.042,3

Fonte: ICEX

1.3.10.

Atendendo á desagregación por capítulos das exportacións galegas ao conxunto dos países da **Unión Europea, cadro 1.3.10.**, as vendas de produtos do capítulo 87 ascenden a 3.548,3 millóns de euros, o que representa o 40,6% das exportacións á UE e un 86,9% do valor total das exportacións galegas correspondentes ao devandito capítulo. Unha imaxe da importancia deste capítulo no sector exterior galego a dá o feito de que o segundo capítulo exportador, o capítulo 62 (prendas e complementos de vestir, agás os de punto), cun importe de 722,1 millóns de euros, representa o 8,3% do total das vendas a eses países.

As exportacións a Francia concéntranse, como é lóxico, no capítulo 87, que acolle o 80,1% das vendas a ese país e o 77,4% das vendas totais dos produtos englobados neste capítulo. Pola contra, no caso portugués, o predominio das exportacións prodúcese no capítulo 03 (peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos), que acolle o 15,3% das vendas galegas a Portugal.

• Inversión galega no exterior e estranxeiro en Galicia

Segundo os datos do *Registro de inversiones españolas en el exterior*, o investimento estranxeiro directos en Galicia experimentou no ano 2005 unha importante caída (51,4%), en tanto que o investimento galego no exterior rexistrou unha medra do 44,4% en relación ao ano anterior.

O **investimento estranxeiro directo en Galicia** ao longo do ano 2005 reduciuse practicamente á metade do realizado en 2004, acadando un total de 190,0 millóns de euros. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia acolle o 1,1% do investimento estranxeiro en España (2,1% en 2004), sendo a sexta comunidade autónoma con maior investimento por detrás de Madrid, Cataluña, Canarias, Andalucía e o País Vasco. Cómpre salientar que na análise da distribución segundo CC.AA. podería existir un sesgo a favor daquelas nas que se sitúa con maior frecuencia a sede social das empresas, que pode non gardar relación co emprazamento efectivo dos centros de produción e de xeración de emprego.

A UE-25 é a responsable do 86,7% do investimento estranxeiro en Galicia (164,7 millóns de euros), porcentaxe superior á do conxunto do Estado, que foi do 71,7% no último ano. O investimento de

Investimento estranxeiro bruto total nas CC.AA. 2004-05

	2004		2005		05/04	OCDE	UE - 25
	CA/total		Total	CA/total			
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)	(en millóns de €)	
Andalucía	306,6	1,6	270,9	1,6	-11,6	190,3	177,2
Aragón	43,3	0,2	114,8	0,7	164,9	112,1	52,1
Asturias	701,0	3,8	8,3	0,0	-98,8	7,0	3,8
Baleares	113,9	0,6	186,1	1,1	63,3	131,9	117,1
Canarias	368,1	2,0	474,0	2,9	28,8	328,3	27,7
Cantabria	24,7	0,1	1,1	0,0	-95,6	0,5	0,5
Castela e León	3,0	0,0	32,5	0,2	973,1	32,1	32,0
Castela-A Mancha	28,4	0,2	13,2	0,1	-53,6	12,3	12,2
Cataluña	4.406,7	23,7	3.283,4	19,8	-25,5	3.185,6	1.905,5
C. Valenciana	2.284,0	12,3	181,6	1,1	-92,1	174,8	171,2
Extremadura	3,8	0,0	8,8	0,1	133,4	6,9	6,9
Galicia	391,1	2,1	190,0	1,1	-51,4	180,4	164,7
Madrid	6.847,1	36,8	5.400,5	32,5	-21,1	5.099,9	2.890,8
Murcia	323,5	1,7	41,5	0,2	-87,2	40,9	24,2
Navarra	17,3	0,1	11,0	0,1	-36,3	9,3	4,8
País Vasco	2.197,5	11,8	205,6	1,2	-90,6	189,9	147,9
A Rioxa	1,6	0,0	3,8	0,0	145,0	3,8	3,8
Ceuta-Melilla	16,7	0,1	5,4	0,0	-67,6	5,4	5,4
Various	164,8	0,9	172,6	1,0	4,7	172,5	160,6
Todo o territorio	338,1	-	6.012,6	36,2	1.678,1	6.012,6	6.012,6
Total	18.581,1	100	16.617,7	100	-10,6	15.896,7	11.921,0

Fonte: Dirección General de Comercio e Inversiones

1.3.11.

Investimento estranxeiro bruto en empresas españolas en Galicia e España 2005: distribución sectorial

	Galicia		España		G/E	
	2005		2005		2004	2005
	(en millóns de €)	(% / total)	(en millóns de €)	(% / total)	(%)	
Agricultura, gandería, caza e pesca	0,6	0,3	27,3	0,2	1,2	2,2
Produc., Distribuc. eléctrica, gas e auga	2,3	1,2	63,9	0,4	-	3,6
Ind. extractiva, refino petróleo	-	-	77,1	0,5	-	-
Alimentación, bebidas e tabaco	4,8	2,5	274,4	1,7	0,0	1,7
Ind. téxtil e da confección	0,0	0,0	25,4	0,2	0,4	0,0
Ind. papel, edición e artes gráficas	0,5	0,3	123,3	0,7	-	0,4
Ind. química e transformación caucho e plásticos	9,3	4,9	1.208,9	7,3	0,4	0,8
Outras manufacturas	16,3	8,6	1.798,2	10,8	14,0	0,9
Construción	18,7	9,8	132,4	0,8	3,4	14,1
Comercio	1,1	0,6	800,2	4,8	0,0	0,1
Hostalería	1,6	0,8	166,2	1,0	0,1	0,9
Transporte e comunicacións	10,1	5,3	6.645,0	40,0	0,0	0,2
Intermediación financeira, banca e seguro	122,3	64,4	850,9	5,1	0,1	14,4
Actividades inmobiliarias e servizos	2,4	1,3	1.836,4	11,1	0,4	0,1
Xestión de sociedades e tenencia valores	-	-	2.185,2	13,2	0,0	-
Outros	0,1	0,1	402,9	2,4	0,0	0,0
Total	190,0	100	16.617,7	100	2,1	1,1

Fonte: Dirección General de Economía Internacional y Transacciones Exteriores

1.3.12.

empresas portuguesas ascendeu a 126,2 millóns de euros, o que significa que case un terzo do investimento portugués en España se fai en Galicia.

Atendendo á distribución sectorial, o **cadro 1.3.12.** reflicte que o sector de “intermediación financeira, banco e seguro” acolle case as dúas terceiras partes do investimento estranxeiro, con 122,3 millóns de euros en 2005. Atendendo ao peso relativo do investimento no total estatal, cómpre salientar a

Investimento das CC.AA. no exterior 2004-05

	2004		2005		05/04	OCDE	UE - 25
	CA/total		CA/total				
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)	(en millóns de €)	
Andalucía	33,9	0,1	208,8	0,8	516,0	121,6	121,5
Aragón	22,4	0,0	345,1	1,3	1437,7	345,1	345,1
Asturias	1,5	0,0	5,3	0,0	255,6	5,3	2,7
Baleares	20,2	0,0	17,5	0,1	-13,7	6,5	0,5
Canarias	83,1	0,2	39,5	0,2	-52,4	25,3	0,3
Cantabria	13.053,1	26,3	118,9	0,5	-99,1	62,9	58,3
Castela e León	49,2	0,1	79,2	0,3	60,9	72,7	72,7
Castela-A Mancha	6,5	0,0	0,5	0,0	-91,9	0,0	0,0
Cataluña	7.698,9	15,5	2.291,7	8,7	-70,2	1.428,9	1.313,5
C. Valenciana	102,6	0,2	173,4	0,7	69,0	154,2	153,2
Extremadura	1,5	0,0	0,3	0,0	-83,4	0,2	0,2
Galicia	480,6	1,0	693,7	2,6	44,4	473,6	397,4
Madrid	21.152,1	42,7	21.015,5	79,8	-0,6	17.392,1	16.145,0
Murcia	19,5	0,0	47,2	0,2	142,4	45,7	45,7
Navarra	35,4	0,1	58,6	0,2	65,8	48,4	47,6
País Vasco	6.822,2	13,8	1.249,7	4,7	-81,7	1.185,4	482,4
A Ríoxa	6,2	0,0	0,5	0,0	0,0	0,0	0,0
Total	49.588,9	100	26.345,4	100	-46,9	21.368,1	19.186,1

Fonte: Registro de Inversiones Españolas en el Exterior

1.3.13.

Investimento bruto de Galicia e España no exterior 2005: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		G/E	2004/05	
	(en millóns de €)	(% / total)	(en millóns de €)	(% / total)	(%)	Galicia	España
						(%)	
Agricultura, gandería, caza, selvicultura e pesca	64,8	9,3	130,9	0,5	49,5	99,6	-1,8
Produc./Distribuc. enerxía eléctrica, gas e auga	13,5	1,9	637,4	2,4	2,1		-53,0
Industrias extractivas, refino petróleo	-	-	2,3	0,0	-		-99,6
Alimentación, bebidas e tabaco	2,6	0,4	730,6	2,8	0,4	-97,2	-66,5
Industria téxtil e da confección	0,2	0,0	15,5	0,1	1,4		-65,0
Ind. papel, edición e artes gráficas	-	-	272,8	1,0	-	-100,0	145,5
Ind. química e transformación caucho e plásticos	-	-	687,0	2,6	-		-79,8
Outras manufacturas	268,9	38,8	1.534,4	5,8	17,5	6.946,7	-77,9
Construción	-	-	195,3	0,7	-	-100,0	-49,7
Comercio	216,0	31,1	3.345,7	12,7	6,5	32,9	-3,3
Hostalería	0,0	0,0	83,6	0,3	0,0	-98,8	-21,8
Transporte e comunicacións	0,9	0,1	8.072,9	30,6	0,0	1.846,4	53,5
Intermediación financeira, banca e seguro	9,8	1,4	5.304,7	20,1	0,2	-39,0	-74,8
Actividades inmobiliarias e servizos	112,2	16,2	4.514,4	17,1	2,5	-30,9	30,8
Outros	4,9	0,7	817,9	3,1	0,6		-30,4
Total	693,7	100	26.345,4	100	2,6	44,4	-46,9

Fonte: Registro de Inversiones Españolas en el Exterior

1.3.14.

importancia do devandito sector e da construción, que acollen o 14% do investimento estranxeiro nos mesmos.

No que atinxe ao **investimento galego no exterior**, este ascendeu en 2005 a 693,7 millóns de euros (o 2,6% do investimento estatal), o que o converte na cuarta comunidade que máis inviste no estranxeiro, tras Madrid, Cataluña e o País Vasco. Comparado co mesmo período do ano anterior, fronte á redución do investimento español no estranxeiro (46,9%), o investimento galego medrou un 44,4% respecto ao ano anterior.

Resumo das actuacións do Plan FOEXGA 2005

	Accións	Total	Aportacións Xunta	Aportacións empresas	Aportacións Cámaras
			(en €)		
Misións comerciais directas	48	1.362.974,03	571.165,53	446.311,13	345.497,37
Misións comerciais inversas	14	165.875,08	96.664,63	-	69.210,45
Promoción de turismo	8	103.190,03	40.342,85	29.574,98	33.272,20
Misións de estudos	3	124.891,42	39.408,05	55.129,39	30.353,98
Encontros empresariais	6	98.479,91	44.918,37	17.286,27	36.275,27
Ferias internacionais	43	1.030.541,21	288.209,25	499.634,58	242.697,38
Bolseiros no exterior	26	523.241,02	261.620,49	-	261.620,53
Outras accións	50	383.283,85	231.451,47	-	151.832,38
Total	198	3.792.476,55	1.573.780,64	1.047.936,35	1.170.759,56

Fonte: Dirección Xeral de Comercio e Consumo

1.3.15.

O investimento galego diríxese fundamentalmente aos países da Unión Europea, que acollen case o 60% do investimento total. Entre os países da UE, o principal destino é Italia, con 111,7 millóns de euros, seguido por Francia e Portugal, con 96,1 e 72,6 millóns de euros, respectivamente. Fóra da UE cómpre salientar o importe do investimento galego en México, que ascende a 82,1 millóns de euros, e en Namibia e Arxentina, cun investimento superior a cincuenta millóns.

A meirande parte dos investimentos galegos concéntranse en tres ramas de actividade. Os datos recollidos no **cadro 1.3.14.** reflicten indican que as actividades de “outras manufacturas”, as do comercio e as actividades inmobiliarias e servizos, acollen o 86,1% do investimento. Comparado co investimento realizado polo conxunto do Estado, cómpre salientar que Galicia acolle o 49,5% do investimento nas actividades de agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca.

• **Plan de Fomento das Exportacións Galegas**

O Plan de Fomento das Exportacións Galegas (FOEXGA) presenta como obxectivo estimular as exportacións e a expansión exterior da empresa galega. Ao longo do último ano volveu a incrementarse o investimento e o número total de actuacións, que abarcan tanto o ámbito da promoción, como o da información e formación en comercio exterior. Como reflicte o **cadro 1.3.15.**, nas 198 accións levadas a cabo no último ano, investíronse un total de 3.792,5 miles de euros (3,9% máis que en 2004), dos que o 41,5% foi aportado pola Xunta, e un 30,9% e 27,6%, polas Cámaras de Comercio e as empresas, respectivamente.

Canto á zona xeográfica destino das actuacións, dúas terceiras partes das mesmas diríxense a Europa, fronte ao 10% que vai aos países asiáticos e aos de América do Norte e Central e un 9% aos países de América do Sur.

As accións máis importantes no que atinxe ao número de actuacións, investimento e empresas participantes son as correspondentes ás misións comerciais directas e ás feiras internacionais. En conxunto, estas dúas accións acollen case a metade das accións totais realizadas e case as dúas terceiras partes do investimento total.

Nas 48 misións comerciais directas realizadas en 2005, a meirande parte das mesmas de carácter multisectorial ou plurisectorial, participaron un total de 529 empresas. O investimento total ascendeu a 1.363,0 miles de euros, e a diferenza do acontecido no caso das feiras internacionais, a Xunta é o principal investidor, con 571,2 miles de euros.

Respecto ás participacións e visitas a feiras internacionais, o número de realizacións ascendeu a 43, das que 32 corresponderon a visitas a feiras organizadas e 11 a participacións empresariais en feiras. O investimento total ascendeu a 1.030,5 miles de euros, dos que as empresas aportaron 499,6 miles de euros. O número total de empresas participantes ascendeu a 405, das que 339 corresponden a visitas a feiras internacionais e 66, a participacións e feiras. ■